



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

Cuarto Educación Primaria

Área de Lingua e Literatura Castelá

a) Introducción e contextualización.....	3
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
c) Concreción dos obxectivos para o curso.....	9
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe.	13
e) Concrecións metodolóxicas.	31
f) Materiais e recursos didácticos.....	32
g) Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	33
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	35
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	38
l) Medidas de atención á diversidade.....	39
m) Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.....	40
n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións	41
ñ) Anexo COVID-19	41
1. Aprendizaxes imprescindibles non acadadas no curso 2019-2020.....	42
2. Plan de reforzo.....	42
3. Metodoloxía para a actividade lectiva presencial, semipresencial e online.....	42

4º primaria . Disciplinas troncais. Área de Lingua castelá e literatura

a) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Os puntos recollidos nesta programación son os que aparecen como mínimos na Resolución 15 xullo 2016 (DOG 1 agosto), a excepción dos apartado i) e j) por ser específicos para a ESO

Esta programación foi realizada tendo en conta o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia onde se establece a distribución horaria de catro sesións semanais desta área para o cuarto curso de primaria.

Levarase a cabo nas dúas aulas de cuarto curso de educación primaria do CPI de San Sadurniño, que constan de 20 alumnos/as (4ºA) e 19 alumnos/as (4ºB) . Na aula de 4ºA dous alumnos/as reciben apoio en P.T. e dous en A.L. e na aula de 4ºB reciben apoio de P.T. tres alumnos/as e dous alumnos en A.L.

Nesta etapa educativa o ensino da Lingua castelá e literatura debe achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios par que o alumnado poida desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A lingua apréndese para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. É o medio das relacións interpersoais e a porta ao acceso do coñecemento. Constitúe un potente instrumento para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo.

A literatura, transmisora e ao tempo liberadora , incita á fantasía, á evocación de mundos, á creación, á reflexión crítica, referida tanto ao acceso a textos como á creación dos mesmos.

Esta área está estreitamente relacionada coa de lingua e literatura galega. Ambas teñen unha distribución de contidos similar e, aínda que cada unha ten as súas características propias, hai determinados aspectos que precisan traballarse de maneira parella, evitando a repetición de contidos teóricos

cun tratamento similar: estratexias de lectura, proceso de escritura, tipoloxía textual ou definición de termos lingüísticos. Do mesmo xeito é preciso utilizar unha mesma terminoloxía común en ambas linguas.

b) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A competencia clave de **comunicación lingüística (CCL)** ou competencia comunicativa está estreitamente relacionada coas capacidades de comprender e expresarse oralmente e por escrito nun contexto de interacción comunicativa significativo e real para o alumnado. Desenvolver a competencia comunicativa permite decidir non só como usar a lingua, senón para qué, ónde e con quen usala. Dende este punto de vista reflexivo e funcional da aprendizaxe da lingua, contribúese ao desenvolvemento no alumnado dun saber integral, non segmentado, de coñecementos, destrezas e actitudes. A competencia clave de comunicación lingüística enténdese como o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o uso da lingua, como instrumento para expresión e comunicación, que posibilita a experiencia humana da realidade e o pensamento, en xeral.

A relación coa **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)** ven dada porque un bo desenvolvemento da actividade comunicativa favorece e axuda á mellora da adquisición de coñecementos. Unha axeitada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes para a resolución de problemas matemáticos. A orde e a boa disposición nas diferentes formulacións de hipóteses, xeran unha mellor comunicación das experiencias.

A área contribúe ao desenvolvemento da **competencia dixital (CD)** por proporcionar coñecementos, destrezas para buscar, obter e tratar información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia. En especial para a comprensión de esta información, a súa organización textual e o seu uso na expresión oral e escrita. A utilización de soportes electrónicos para a composición de textos, significa algo máis que un cambio de soporte, pois afecta ás operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, etc.) e que constitúen un dos contidos básicos desta área, cuestión que incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Ademais, os medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura, o que permite entender a aprendizaxe da lingua no marco de un verdadeiro intercambio comunicativo.

A **competencia de aprender a aprender (CAA)** conséguese na área de lingua castelá e literatura, entre outras, porque posibilita que o alumnado constrúa os seus coñecementos mediante a linguaxe, xestionando eficazmente a súa aprendizaxe y reflexionando criticamente sobre os fins e o

obxecto do mesmo. A aprendizaxe en equipo, en grupos heteroxéneos e a autonomía na aprendizaxe contribúen ao seu desenvolvemento. Da mesma maneira a autoavaliación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros e comunicando as súas experiencias.

Con relación á **competencia social e cívica (CSC)**, enténdese que é necesaria como base para unha boa comunicación, un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe a construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimentos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio. A área de lingua castelá contribúe á comunicación con outras persoas, a comprender o que estas transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir la propia expresión como modalidade fundamental de apertura ás demais persoas, facilitando así a integración social e cultural das persoas. Por outra banda, tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia clave na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas e enriquecedoras para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

A lingua castelá, como instrumento de comunicación e creación do pensamento, contribúe á adquisición do **sentido de iniciativa e o espírito emprendedor(CSIEE)** na construción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal. A comunicación, verbal e non verbal, das diferentes linguas que se utilicen, contribuirán ao aumento da autoestima e desenvolvemento persoal, e garantirá unha adecuada interacción social.

Esta área contribúe ao desenvolvemento da **competencia conciencia y expresión cultural (CCEC)**na medida na que se converte en ferramenta fundamental para a realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. A lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia, desenvolvendo a capacidade de percibir os recursos lingüísticos e literarios e o agrado pola lectura como actividade enriquecedora e de gozo, ao tempo que se propicia a la tendencia natural do ser humano ao xogo, o pracer, a liberdade, e a imaxinación creadora.

No seguinte cadro pode verse de xeito máis xeral o perfil competencial desta área:

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR							
	CCL	CMCT	CSC	CAA	CSIEE	CD	CCEC

B1-1.							
B1-2.							
B1-3.							
B1-4..							
B1-5.							
B1-6.							
B1-7.							
B1-8.							
B1-9.							
B1-10.							
B1-11.							
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER	COMPETENCIAS CLAVE						
	CCL	CMCT	CSC	CAA	CSIEE	CD	CCEC
B2-1.							
B2-2.							
B2-3.							
B2-4.							

B2-5.							
B2-6.							
B2-7.							
B2-8.							
B2-9.							
B2-10.							
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR	COMPETENCIAS CLAVE						
	CCL	CMCT	CSC	CAA	CSIEE	CD	CCEC
B3-1.							
B3-2.							
B3-3.							
B3-4.							
B3-5.							
B3-6.							
B3-7.							
B3-8.							
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	COMPETENCIAS CLAVE						

	CCL	CMCT	CSC	CAA	CSIEE	CD	CCEC
B4-1.							
B4-2.							
B4-3.							
B4-4.							
B4-5.							
B4-6.							
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA	COMPETENCIAS CLAVE						
	CCL	CMCT	CSC	CAA	CSIEE	CD	CCEC
B5-1.							
B5-2.							
B5-3.							
B5-4.							
B5-5.							

c) CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

OBXECTIVOS PARA O CURSO DE 4º DE PRIMARIA NA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA CASELÁ
--

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR
B1-1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos demais.
B1-2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal nos discursos orais.
B1-3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.
B1-4. Comprender mensaxesorais e analazalas con sentido crítico.
B1-5. Ampliar o vocabulario para lograr unha expresión precisa utilizando o dicionario como recurso básico.
B1-6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificando ideas ou valores non explícitos.
B1-7. Memorizar e reproducir textos breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral que estudaron.
B1-8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, informativos, instrutivos, argumentativos, etc.
B1-9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais e directamente relacionados coas actividades da aula, imitando modelos: narrativos, descritivos argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos.
B1-10. Utilizar de forma efectiva el lenguaje oral para comunicarse y aprender siendo capaz de escuchar activamente, recoger datos pertinentes a los objetivos de comunicación, preguntar y repreguntar, participar en encuestas y entrevistas y expresar oralmente con claridad el propio juicio personal, de acuerdo a su edad.
B1-11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER
B2-1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación axeitada.
B2-2. Comprender distintos tipos de texto adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
B2-3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.
B2-4. Resumir un texto lidorefectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias.

B2-5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.
B2-6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
B2-7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.
B2-8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.
B2-9. Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.
B2-10. Levar a cabo o plan lector que de a resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.
<i>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</i>
B3-1. Producir textos con intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.
B3-2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión, e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.
B3-3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.
B3-4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
B3-5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.
B3-6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
B3-7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.
B3-8. Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
<i>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</i>
B4-1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

B4-2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
B4-3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.
B4-4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
B4-5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
B4-6. Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América.
<i>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</i>
B5-1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.
B5-2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, recoñecendo e interpretando algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras) e diferenciando as principais convencións formais dos xéneros.
B5-3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
B5-4. Producir, a partir de modelos dados, textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.
B5-5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.

d) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> Exprésase con oracións ben construídas.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. 		<ul style="list-style-type: none"> Escoita e espera para intervir.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes. 		<ul style="list-style-type: none"> Integra elementos verbais e non verbais no seu discurso. Utiliza o xesto para expresarse.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación. 		<ul style="list-style-type: none"> Exprésase con corrección ao falar. Mellora nas súas dificultades de expresión oral.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Participación en situación 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Expresarse con 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.3.1. Participa 		<ul style="list-style-type: none"> Participa con coherencia

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - diálogos -exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. 		en diálogos e exposicións.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. 		<ul style="list-style-type: none"> Coopera nos grupos.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas en textos 		<ul style="list-style-type: none"> Aplica o vocabulario traballado con precisión Diferencia palabras que se escriben con diferente grafía.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
		significativos.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende a idea principal dun texto.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece diferentes tipos de texto.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende un texto al contestar preguntas sobre el.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplica o aprendido nos controis escritos e traballos diarios.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
		de aprendizaxe individual ou colectiva.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recorda memorísticamente algún texto traballado (poesía, refrán)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora un texto para a súa exposición oral.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar) 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adapta o seu discurso en función do tipo de texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recolle datos dentro dunha comunicación oral.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
escoitar, recoller datos, preguntar	preguntar e repreguntar.	aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos e preguntar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza as TIC para a recollida de datos.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora unha noticia de feitos cotiás.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resume un debate.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Le diversos textos en voz alta e con certa expresividade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende a mensaxe dun texto.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos).	como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	textuais en textos do ámbito escolar e social.		
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. 		<ul style="list-style-type: none"> Realiza resumos de diferentes tipos de textos.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes. 		<ul style="list-style-type: none"> Hipotetiza sobre o que pode acontecer lendo un título
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. 		<ul style="list-style-type: none"> Localiza palabras clave.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. 		<ul style="list-style-type: none"> Apóiase dos coñecementos previos para chegar á comprensión dun texto.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto. 		<ul style="list-style-type: none"> Relaciona a información dun gráfico co texto (Naturais e Sociais)

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación 3ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Sabe ler un mapa conceptual.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> Localiza palabras no dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Gusto pola lectura. B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos. 		<ul style="list-style-type: none"> Interésase pola lectura.
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación 3ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Localiza información nunha biblioteca.
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación 3ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Busca lecturas do seu interese na biblioteca de aula.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
		básicas de funcionamento da mesma.		
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero. 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Localiza referencias bibliográficas.
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Mostra interese por manter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> Coida os libros.
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Escoita unha gravación e diferenza a publicidade
		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación 3ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Fai hipóteses sobre un texto.
<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza as TIC para a busca de información.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades. ▪ B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. ▪ B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza diferentes soportes de escritura.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ten en conta as regras ortográficas que coñecendo escribe.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presenta un informe.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presenta os traballos con caligrafía lexible e limpos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta as producións dos compañeiros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. ▪ B3.6. Realización de ditados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3 Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente ▪ LCB3.3.2. Reproduce textos ditados. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Esfórzase na escrita. ▪ Reproduce aspectos traballados nos ditados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega diferentes pasos para elaborar un texto.

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
estrutura...) ■ B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal. ■ B3.9. Revisión e mellora do texto.	planificación, textualización, revisión e reescritura.	textualización e revisión do texto.		■ Escribe unha carta seguindo unha estrutura.
		■ LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.		
■ B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.	■ B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.	■ LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.		■ Rexistra as faltas de asistencia do alumnado na táboa de dobre entrada.
		■ LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómic, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	■ Redacta textos orixinais (carta, cartel para a porta de clase)	
■ B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	■ B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	■ LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.	■ Coida a linguaxe escrita de estereotipos.	

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO: CUARTO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
